

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 5 DE FEBREIRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de febreiro de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 29 de Xaneiro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Expte: 19/01/2007/408-CU/211: Vista a solicitude de **Don Ivan Rodríguez González**, con domicilio na rúa Irmáns Alvarez Araujo nº 46, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito no Camiño Maquians de Arriba (Ref. Catastral 06.32.6-21), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 02.02.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e o carácter de aplicación que lle corresponde as NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, Ribadavia, está situado no espacio natural Ribeiras do Miño, espacio nº 15 área 2. Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 do 5 de agosto de 2003, e disposicións concorrentes.

- 1 A parcela con Referencia Catastral 06.32.6-21 e según Cartografía Oficial das NNSSM, corresponde a Solo clasificado como Solo Urbanizable, SUB (P/UM), USOS MIXTOS.
No punto 5 das NNSSM, Regulación do Solo Urbanizable, en concorrencia coa LOUGA, establece o seu desenvolvemento mediante o correspondente Plan Parcial.
- 2 Segundo o Art. 21 Réxime do Solo Urbanizable, “Os propietarios de solo clasificado como urbanizable, terán dereito a usar, disfrutar e dispoñer dos terreos da súa propiedade de acordo coa natureza rústica dos mesmos, debendo destinalos a fins agrícolas, forestais, gandeiros ou similares”.
- 3 Únese co presente informe:
 - 3.1 Plano Clases de Solo E 1: 10.000 NNSSM.
 - 3.2 Plano NNSSM E. 1:2000.
 - 3.3 Plano Catastral E 1: 1.000.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Dirección Xeral de Bellas Artes e Bens Culturais, comunicando a concesión de subvención nominativa para a Conservación e Restauración de Bens Culturais, por importe de 200.000 euros”.

- “Da Consellería de Sanidade, comunicando a remisión o Tribunal Superior de Xustiza, o expediente administrativo núm. 02/4576/06 interposto por Dona Matilde Rita García Carrera contra Decreto 278/2006 do 12 de setembro, do mapa farmacéutico e delimitación territorial para a autorización de novas oficinas de farmacias conforme os módulos de poboación”.

- “Escrito de baja temporal por enfermidade, do profesional do Autotaxi Don Regino Carlon Barba”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PRESUPOSTO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o presuposto da empresa Aqualia, para a reparación da tubería do manantial da fonte sita na rúa Vicente Risco, por importe de 575,33 euros

6º PROGRAMA DE REHABILITACION INTEGRAL.-

A Xunta de Goberno Local, por uananimidade, presta aprobación a Memoria sobre obras de Urbanización do 6º Programa de Rehabilitación Integral. Actuacións ano 2005, redactada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia. Así mesmo acordase remitir unha copia da mesma a Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Xunta de Galicia.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.